

De “narrativa catifeira” a “unha gran riqueza de vocabulario”

- “...a narrativa de Lema resulta catifeira a carón da de Stevenson.”.
- “O máis destacable é o esmero lingüístico onde agroma unha gran riqueza de vocabulario pertencente tanto ao mundo do mar coma ao rural”.

-“O punto de partida non pode ser máis suxestivo: a prolongación das aventuras dos personaxes dun dos títulos clásicos da literatura universal que atrapou irreversiblemente a calquera lector desprevenido. Mais esta dinámica referencial vólvese un lastre moi grande xa que a narrativa de Lema resulta catifeira a carón da de Stevenson. Mentres o escocés fai un alarde de evocación romántica con descrições axustadas e elipses suxerentes, o galego aposta pola minuciosidade textual intentando explicar dun xeito esgotador cada acción dos personaxes e axustándoo aos referentes históricos”.

-“Lema xoga baixo os parámetros dunha narrativa debedora da ‘novela moderna’ que emerxeu nos 60 e 70 da que aínda quedan moitos representantes na literatura galega. Enmarca a novela dentro dun deseño post-estruturalista, collendo distancia sobre a súa propia creación ao enmascarala coma un manuscrito perdido”.

-“A cada paso do cho (grumete) da Hispaniola xorden personaxes, espazos, construcións, lendas e contos que dan para trenzar a novela con historias que se diversifican e enriquecen dunha maneira moi didáctica o libro mais, ao mesmo tempo, ralentizan, e moito, a acción, elemento crucial nunha novela de aventuras”.

-“Emporiso, o máis destacable desta publicación é o esmero lingüístico onde agroma unha gran riqueza de vocabulario pertencente tanto ao mundo do mar como ao rural e, aínda por riba, serven para acrecentar a ubicación temporal”.

(Xurxo Fernández: www.actodeprimavera.blogaliza.org).